

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 30 de abril de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO SÉTIMO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE AMES.-**

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 5 de marzo de 2015, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento aberto que se segue para a contratación do subministro de **“combustible para os vehículos e maquinaria do Concello de Ames”**.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a devandito subministro.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Adxudicar a realización do subministro de **“combustible para os vehículos e maquinaria do Concello de Ames”** á empresa **Estación de Servicio de Lapidio SL** con CIF B-15609357, e nas seguintes condicións:

**A.- Prezo:** O importe da oferta do antedito licitador ascende ao seguinte prezo

**Gasóleo A unha 7,500 % de desconto** sobre os prezos medios de carburantes e combustibles da provincia da Coruña do mes correspondente publicados na páxina do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, de venda ó público

**Gasolina sen chumbo 95 unha 4,000 % de desconto** sobre os prezos medios de carburantes e combustibles da provincia da Coruña do mes correspondente publicados na páxina do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, de venda ó público, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria

**B. Duración do contrato:** o Contrato terá unha duración máxima de execución de dous anos a contar dende a data de formalización do contrato, podendo prorrogarse por un ano máis ata alcanzar un total de tres anos, por mutuo acordo das partes antes da finalización do prazo inicial.

**C.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

**Segundo.-** Facultar ao Sr. Alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a catro de maio de 2015, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace  
O alcalde

A secretaria

Santiago V. Amor Barreiro